

ORDENANZA FISCAL Nº 13

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA, RETIRADA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e dacordo co previsto no artigo 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por recollida e retirada de vehículos da vía pública, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 da Lei 39/1988.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- O feito imponible está constituído pola prestación dos servizos municipais seguintes:

Os condutores á retirada das vías urbanas daqueles vehículos aparcados en zonas non permitidas ou que perturben a circulación das mesmas, ou estacionados en zonas restrinxidas segundo sinale a respectiva Ordenanza Reguladora do Aparcamento, en caso de existir.

Os consistentes no depósito de vehículos en dependencias ou baixo vixilancia municipal, sexa como consecuencia da súa inmovilización por delitos contra a seguridade vial ou por outros motivos.

2.- Os servizos mencionados son de recepción obrigatoria e prestaranse de oficio ou en virtude de denuncia particular.

ARTIGO 3º.- RETRIBUCIÓN.

Este tributo retribuirase, nacente a obriga de contribuír, coa iniciación da prestación do servizo. Entenderase que se iniciou a prestación do servizo cando, detectado o vehículo infractor, se inicien as labores para a súa recollida, inmovilización e/ou vixilancia. Esta poderá ser suspendida no caso de que o condutor infractor satisfaga no mesmo momento o custo da taxa e mobilice o vehículo de seguido a fin de que o mesmo deixe de orixinar a anomalía pola que se aplica a taxa, sempre que tal retirada fose posible segundo a normativa de tráfico e seguridade vial.

ARTIGO 4º.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e os entes enumerados no art. 33 da Lei 230/1963, xeral tributaria, que sexan propietarios dos vehículos retirados.

2. Serán suxeitos pasivos substitutos os condutores dos vehículos.

ARTIGO 5º.- RESPONSABLES.

En materia de responsabilidade aplicaranse os artigos 37 e seguintes da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e as disposicións que a complementen e desenvolvan, así coma a Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Inspección e Recadación, se a houbera.

ARTIGO 6º.- BASE IMPONIBLE.

A base imponible constitúese por cada un dos vehículos que sexan retirados polos servizos municipais das vías urbanas.

ARTIGO 7º.- COTA TRIBUTARIA.

1.- As cotas tributarias a aboar pola retirada de vehículos son as seguintes:

- a) Motocicletas, motocarros e vehículos análogos, turismos e furgonetas cun peso máximo con carga de ata 2.500 kg, en operacións realizadas de luns a sábado... 66,00 €
- b) Motocicletas, motocarros e vehículos análogos, turismos e furgonetas cun peso máximo con carga de ata 2.500 kg, en operacións realizadas en domingos ou días festivos..... 70,00 €
- c) Vehículos de tonelaxe, con carga superior a 2.500 e ata 4.500 kg..... 83,05 €
- e) Vehículos de tonelaxe, con carga superior a 4.500 kg..... 108,27 €

2.- No caso de que non se produza o traslado do vehículo por se facer cargo do mesmo o suxeito pasivo antes da saída do coche-guindastre para o depósito, a cota a abonar será de 35,05 €.

ARTIGO 8º.- COTAS POR DEPÓSITO DE VEHÍCULOS.

Os vehículos retirados da vía pública devengarán por cada día ou fracción de estadía no depósito municipal, a cota seguinte:

- a) Por vehículo, furgoneta e semellantes 9,616193 € (1.600 ptas.)
- b) Por motocicletas e semellantes 3,606072 € (600 ptas.)

A tarifa anterior reducirase nun 50 % cando o vehículo sexa retirado nas 24 primeiras horas de custodia.

Cando o depósito non teña lugar nos almacéns ou locais municipais, repercutirase o exceso so seu custo sobre a cota sinalada anteriormente.

ARTIGO 9º.- EXENCIONES, REDUCCIONES E DEMÁS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES.

1.- Non se reconece exención ou bonificación algunha, agás as expresamente previstas en normas con rango de Lei e as derivadas da aplicación de Tratados internacionais.

2.- Non quedarán suxeitos ó pagamento da taxa, os vehículos substraídos, circunstancia que deberá acreditarse mediante a aportación da copia da correspondente denuncia formalizada.

ARTIGO 10º.- XESTIÓN E RECADACIÓN.

O pagamento das liquidacións da presente taxa non exclúe, en maneira algunha, o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación ou policía urbana.

ARTIGO 11º.- CONVENIOS DE PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS E DE DEPÓSITO DOS MESMOS.

O Concello poderá celebrar concerto cos garaxes da cidade para a prestación do servizo do coche-grúa e estancia dos vehículos retirados das vías urbanas.

ARTIGO 12º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable, así coma na Ordenanza Fiscal Xeral de Xestión, Inspección e Recadación, se a houbera.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As cotas tributarias fixadas no art. 7 desta Ordenanza modificaranse anualmente dacordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinale o Instituto Nacional de Estadística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto a centena superior ou inferior.

DILIXENCIA.-

- 1.- Aprobación: Sesión extraord. Pleno 17/11/2000. B.O.P. nº 298, do 30/12/2000.
- 2.- Modificación: Sesión ord. 19/11/2001. B.O.P. nº 298, do 31/12/2001.
- 3.- Modificada: Sesión extraord. Pleno 22/12/2003, B.O.P. nº 183 do 10/08/2004. Versión vixente do 11/08/2004 ata o 29/08/2012:

Modificación do artigo 7º:

<<ARTIGO 7º.- COTA TRIBUTARIA.

1.- As cotas tributarias a aboar pola retirada de vehículos son as seguintes:

- | | |
|---|------|
| a) Motocicletas, motocarros e vehículos análogos..... | 14 € |
| b)Turismos e furgonetas cun peso máximo con carga de ata 1.100 kg.
..... | 44 € |
| c)Vehículos e furgonetas con carga superior a 1.100 kg e ata 2.500 kg.
..... | 54 € |
| d) Vehículos de tonelaxe, con carga superior a 2.500 e ata 4.500 kg.
..... | 68 € |
| e) Vehículos de tonelaxe, con carga superior a 4.500 kg... | 88 € |

2.- No caso de que non se produza o traslado do vehículo por se facer cargo do mesmo o suxeito pasivo antes da saída do coche-guindastre para o depósito, as cotas sinaladas no apartado anterior reduciranse no 50 por 100.>>

Modificación do artigo 8º:

<<ARTIGO 8º.- COTAS POR DEPÓSITO DE VEHÍCULOS.

Os vehículos retirados da vía pública devengarán por cada día ou fracción de estadía no depósito municipal, a cota seguinte:

a) Por vehículo, furgoneta e semellantes	10 €
b) Por motocicletas e semellantes	4 €

A tarifa anterior reducirase nun 50 % cando o vehículo sexa retirado nas 24 primeiras horas de custodia.

Cando o depósito non teña lugar nos almacéns ou locais municipais, repercutirase o exceso so seu custo sobre a cota sinalada anteriormente.>>

4.- Foi modificada por acordo plenario na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 28/05/2012, B.O.P. nº 163, do 28/08/2012, na que constitúe a versión hoxe vixente da Ordenanza.

